

## **Declaración por un uso seguro e sustentable do monte veciñal**

As Mancomunidades de Montes de Pontevedra, Castrove e O Morrazo, diante dos accidentes que se teñen producido nos montes da provincia e da confusión existente en certa opinión pública sobre os usos e aproveitamentos do monte veciñal, queren declarar o seguinte:

1- Rexeitamos inequivocamente, se tal cousa se fixera, calquera medida que se teña tomado para producir danos ou lesións aos usuarios do monte, fosen quen fosen as persoas ou entidades que as tomaran. Se estas medidas foron adoptadas co propósito directo de producir danos ou accidentes, debe caer sobre eles o peso da lei.

2- As tres mancomunidades declarantes non temos estudado nin aprobado nunca ningún acordo que supoña a adopción de medidas que directamente poidan producir danos ás persoas usuarias do monte veciñal. Igualmente, non temos coñecemento de ningunha comunidade de montes que teña adoptado tales medidas nin é pretensión nosa adoptalas no futuro.

3- As Mancomunidades de Montes de Pontevedra, Castrove e O Morrazo convidan á poboación urbana e tamén á rural a que visiten, coñezan e disfruten do monte. Recordan que o monte veciñal é un monte aberto con clara vocación social, que pode ser visitado e utilizado por toda a sociedade en actividades que non supoñan un uso agresivo ou que produza deterioro do mesmo.

4- As tres Mancomunidades de Montes teñen dado abondosos exemplos desta actitude de promoción do uso social e están traballando na mellora e o mantemento da rede de áreas de lecer e co Concello de Pontevedra estase a promover unha rede de sendeiros: rotas dos muíños e do patrimonio en Salcedo, rota do río Almofrei en Bora e mellora da senda do Lérez en Mourente, Bora Xeve e Lérez, rotas do Pontillón do Castro e do monte Loural en Verducido e Xeve, etc, etc, etc. Actividades semellantes se están a promover no Castrove e no Morrazo.

5- O carácter de monte aberto e os servizos que presta a toda a sociedade non debe facer esquecer que os montes veciñais son unha propiedade privada e colectiva dos veciños de cada parroquia ou lugar. A maior parte dos sendeiros non son camiños públicos, senón pistas forestais ou servidumes de paso aos matos lindantes para uso dos propietarios e frecuentemente se atopan en mal estado (con pedras, regos e buratos) provocado polas chuvias e o paso de maquinaria forestal. As súas condicións inseguras aconsellan un uso prudente e precavido. O monte non é un xardín.

6- As actividades deportivas que se poden desenvolver no monte están hoxe reguladas por normativas específicas e todas requiren a autorización previa dos propietarios. As comunidades de montes teñen colaborado estreitamente con clubs

de sendeiristas, ciclistas, montañeiros ou motoristas que organizan actos deportivos para que se desenvolvan con seguridade e non prexudiquen ao monte.

7- Os montes achegados a vilas e cidades reciben todos os días e especialmente os fins de semana a presenza de moitas persoas que queren disfrutar da paisaxe, o aire limpo, o paseo ou visita a lugares de interese histórico ou arqueolóxico. Pero tamén algunhas que (a pé ou en vehículos diversos) realizan actividades non autorizadas, como verter lixo, estragar plantacións ou circular fóra das pistas con bicicletas, motos ou quads, destruindo a capa forestal e acentuando os procesos erosivos do monte.

8- Todas estas actividades causan perigo aos seus promotores e outros usuarios do monte, e dificultan os esforzos que están a realizar as comunidades de montes para manter as súas terras ordenadas e en disposición de cumprir as súas funcións produtivas, sociais e ambientais. Son actividades non autorizadas e algunhas delas están expresamente prohibidas pola lexislación vixente, polo que as comunidades de montes as vimos denunciando diante do Seprona, as Consellarías de Medio Rural e Medio Ambiente, e os concellos.

9- Os montes veciñais estiveron tradicionalmente dedicados a producir recursos para o mantemento das economías agrarias e as necesidades veciñais. Antes como agora, as persoas de fóra non poden aproveitar os recursos existentes (toxo, leñas, pedras, pastos...) sen a autorización dos comeneiros da parroquia. A lexislación actual reconece e regula o dereito dos propietarios aos recursos dos seus montes, polo que as persoas non comeneiras deberán contar coa autorización da comunidade de montes para aproveitar os diversos recursos do monte veciñal (cogomelos, castañas, leña, pastos, caza, etc), pois non son recursos públicos.

10- As Mancomunidades de Montes de Pontevedra, Castrove e O Morrazo, ante a confusión e desinformación que parte dos usuarios do monte amosan sobre estas cuestións, iniciarán unha campaña informativa e colocarán paneis informativos nos montes veciñais.